

CAMPAMENTOS URBANOS NO MUSEO **2025**

Museo das Peregrinacións e de Santiago



Campamentos urbanos no museo 2025 - Plan Corresponsables


A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vén de poñer en marcha, en colaboración coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e da Consellería de Política Social e Igualdade, o programa Bibliotecas, Arquivos e Museos Corresponsables, co obxectivo de favorecer a conciliación das familias con nenas, nenos, mozos ou mozas de ata 12 anos de idade desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes. O programa está financiado polo Ministerio de Igualdad do Goberno de España.

Con este fin, o Museo das Peregrinacións e de Santiago anuncia a posta en marcha dun campamento cultural de conciliación. Estas actividades forman parte do Plan Corresponsables, cuxo obxectivo é contribuír á **conciliación familiar** e á **igualdade** efectiva entre homes e mulleres.

Requisitos

Poderán participar no campamento de conciliación os nenos e nenas que cumpran co requisito de idade sinalado máis abaixo. Terán prioridade as familias monoparentais, familias con mulleres vítimas de violencia de xénero ou outras formas de violencia contra a muller, persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social, persoas solicitantes de asilo internacional ou estatuto de refuxiado/a ou calquera outra unidade familiar con persoas dependentes ao seu cargo.

O Museo das Peregrinacións e de Santiago oferta **15 prazas por quenda semanal** para nenos e nenas de **5 a 12 anos**.



Inscrición e normativa

- A inscrición é gratuita.
- As inscricións para todas as quendas están abertas desde o **30 de xuño** e cubriranse por orde de chegada, con ocos reservados para as persoas con criterios de selección preferente.
- Farase unha lista de agarda para cubrir en caso de cancelacións.
- As inscricións están limitadas a **3 semanas por cada neno/a**. En caso de que queden prazas libres nalgunha quenda, comunicarse oportunamente por correo.
- Para realizar a inscrición é necesario cubrir e enviar o **formulario** (anexo) asinado a reservas.mdperegrinacions@xunta.gal. A praza **non estará asignada** ata que o museo envíe un correo de confirmación.
- Os nenos/as que, sen causa xustificada, non acudan á metade dos días de cada quenda quedarán automaticamente excluídos doutras quendas posteriores.

Quendas e horarios

Quendas semanais de martes a venres de 10.00 h. a 14.00 h.

- Do 15 ao 18 de xullo
- Do 22 ao 24 de xullo (3 días)
- Do 29 de xullo ao 1 de agosto
- Do 5 ao 8 de agosto
- Do 12 e 14 de agosto (3 días)
- Do 19 ao 22 de agosto
- Do 26 ao 29 de agosto

En que consisten?

A programación dos campamentos ten como finalidade:

- Proporcionarlle aos participantes unha experiencia de ocio educativo e de calidade.
- Fomentar a creatividade nas crianzas asistentes, utilizando variedade de materiais para as súas creacións.
- Aproximar ás crianzas ao mundo dos museos.

- Identificar e descubrir elementos relacionados coa peregrinación xacobeá e coa cidade de Santiago, valorándoos como patrimonio cultural de todas e todos.
- Compartir e experimentar a realización de actividades creativas e lúdicas con nenas e nenos de diferentes idades e condicións socioculturais.

Actividades semanais

O MDPS conta con importantes coleccións de escultura, pintura, acibeche, ourivaría, prateria e gravado; sen esquecer os restos arqueolóxicos, as mostras etnográficas, documentais e bibliográficas. O desenvolvemento diario dos campamentos torna como punto de partida esta heteroxénea oferta artística que serve de inspiración para a elaboración de actividades didácticas creativas que poñan en valor o noso patrimonio.

As propostas para os campamentos 2025 inclúen obradoiros de cerámica, modelado de pezas, pintura de obxectos, dramatizacións, reciclaxe de materiais, elaboración de brinquedos musicais, murais colaborativos, xogos grupais e moitas máis.

Localización das actividades

O espazo principal será o taller/cafetería, situado no terceiro andar do museo. O auditorio, as salas de exposicións e outros espazos habitualmente pechados ao público servirán tamén para ofrecer experiencias dinámicas e un coñecemento máis profundo do funcionamento dun museo.

Descanso e comidas

A media mañá farase un descanso para tomar os petiscos que as participantes deberán traer das súas casas.

Máis información

Podes escribirmos ou chamarnos para consultar todas as dúbidas que teñas a reservas.mdperegrinacions@xunta.gal ou 881.867.322

MUSEO: Museo das Peregrinacións e de Santiago**NOME DA ACTIVIDADE: Campamentos urbanos no museo**

Esta actividade está impulsada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no marco do Plan Corresponsables, financiado polo Ministerio de Igualdad (Gobierno de España). Terán prioridade as familias monoparentais, familias con mulleres vítimas de violencia de xénero ou outras formas de violencia contra a muller, persoas en risco de exclusión social, persoas solicitantes de asilo internacional ou estatuto de refuxiado/a ou calquera outra unidade familiar con persoas dependentes ao seu cargo.

DATOS DOS/DAS PAIS/NAIS OU TITOR/ES LEGAIS

Nome:		
Apelidos:		
NIF:	Sexo:	Idade:
☐ Nai	☐ Pai	☐ Titor/a legal
Enderezo:		Código Postal:
Localidade:		
Teléfono:	Correo electrónico:	
Nome:		
Apelidos:		
NIF:	Sexo:	Idade:
☐ Nai	☐ Pai	☐ Titor/a legal
Enderezo:		
Localidade:		
Teléfono:	Correo electrónico:	

***É preferible que apareza a información e sinatura dos dous/dúas proxenitores/as do/da menor.**

CRITERIOS DE SELECCIÓN PRIORITARIA

- ☐ Familia monomarental ou monoparental
- ☐ Mulleres vítimas de violencia de xénero ou doutra forma de violencia contra as mulleres
- ☐ Persoas con discapacidade
- ☐ Persoas solicitantes de asilo internacional ou con estatuto de refuxiado/a
- ☐ Unidades familiares nas que existan outras responsabilidades relacionadas co coidado de familiares ou persoas dependentes ao seu cargo

DATOS DA/DO MENOR		
Nome:		
Apelidos:		
NIF:	Sexo:	Idade:
Enderezo no caso de que sexa diferente ao da/s persoa/s solicitante/s ou no caso de que se deba escoller un:		

DATOS DA ACTIVIDADE	
Lugar de realización	Museo das Peregrinacións e de Santiago
Horario	De 10:00 a 14:00 horas
Quenda	☐ 15 ao 18 de xullo ☐ 22 ao 24 de xullo (3 días) ☐ 29 de xullo ao 1 de agosto ☐ 5 ao 8 de agosto ☐ 12 ao 14 de agosto (3 días) ☐ 19 ao 22 de agosto ☐ 26 ao 29 de agosto
Requisitos	Entre 5 e 12 anos

AUTORIZACIÓN USO DA IMAXE EN MENORES DE IDADE
Co fin de cumprir coa lexislación vixente respectando o dereito á intimidade e a protección de datos de carácter oficial (Lei Orgánica 1/1982 do 5 de maio; Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro; Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio). faise necesario pedir autorización previa a nais, pais ou titores legais para mostrar imaxes dos menores de idade. Estas serán utilizadas exclusivamente con carácter divulgativo e pedagóxico e estarán relacionadas coas actividades educativas organizadas polo museo.
☐ AUTORIZO a realización de fotografías, vídeos ou gravacións por calquera medio da/do menor para publicar nos sitios web do museo ou da Xunta de Galicia.
☐ NON AUTORIZO

COMPROBACIÓN DE DATOS
- A persoa solicitante declara formalmente baixo a súa responsabilidade que son certos os datos consignados na presente solicitude e que se compromete a informar de calquera modificación dos mesmos. - Coa presentación desta solicitude e de acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co dereito ano achegar documentos ao procedemento: ☐ Autorízase a consulta ou obtención daquela información que fose elaborada por calquera Administración salvo que conste a súa oposición expresa. ☐ Non se autoriza a consulta

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
ACTIVIDADE DO TRATAMENTO	Admisión en actividades, programas ou servizos prestados no marco do Plan Corresponsables
RESPONSABLE	Xunta de Galicia
FINALIDADE	Os datos persoais solicitados a través do presente formulario así como os xerados no transcurso da relación administrativa, serán tratados para xestionar a admisión dos solicitantes en función dos criterios de prioridade establecidos na Resolución do 30 de decembro de 2021 polo que se resolve a concesión das subvencións.
LEXITIMACIÓN	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos.
DESTINATARIAS/OS	Non se cederán datos a terceiros.
DEREITOS	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .

En		a		de		de 2025
----	--	---	--	----	--	---------

(Sinatura do pai/nai ou titor legal)

En		a		de		de 2025
----	--	---	--	----	--	---------

(Sinatura do pai/nai ou titor legal)

Unha vez cuberto, remitir a reservas.mdperegrinacions@xunta.gal